

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL OROSO

Listaxe provisional de admitidos e excluídos no procedemento de selección de dúas prazas de operario de limpeza como persoal laboral fixo mediante concurso incluídas na OEP do Concello de Oroso extraordinaria de 2022 (Estabilización)

ANUNCIO

EXPEDIENTE: 2022/E001/000012

Con data de 23.10.2024 o Sr. Alcalde procedeu a ditar a resolución nº 1496/2024 co seguinte contido:

“LOGO DE VER que mediante resolución de Alcaldía nº 639/2022 do 12/05 procedeuse a aprobar a oferta de emprego público extraordinaria do 2022 de estabilización de emprego e que esta foi obxecto de publicación no BOP nº 96 de 23 de maio de 2022 na que entre outras se recollía a seguinte praza:

PERSOAL LABORAL

Grupo	Denominación	Vacantes	Nivel de titulación	Forma de provisión	Quenda	Código RPT
V	Operario de limpeza	2	Estudios primarios.	Concurso	Estabilización	05.02.02 05.02.03

LOGO DE VER que medinte resolución de Alcaldía nº 1783/2022 do 22/12 se procederon a aprobar a convocatoria e as bases de selección de 2 PRAZAS DE OPERARIO DE LIMPEZA (Código RPT: 05.02.02 E 05.02.03) incluída no proceso extraordinario de estabilización do emprego temporal do Concello de Oroso conforme á Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes de redución da temporalidade no emprego público

LOGO DE VER que tanto a convocatoria como as bases de selección foron obxecto de publicación no taboleiro de anuncios do Concello, e no Boletín Oficial da Provincia nº 245 do 28 de decembro de 2022 e igualmente foi obxecto de publicación anuncio da convocatoria no DOG nº 57 do 22/03/2023 e no BOE nº 162 do 05/07/2024

Transcorrido o prazo para a presentación de instancias por todas aquelas persoas interesadas en participar no presente proceso de selección e revisadas as mesmas, de conformidade co previsto na base cuarta e quinta e tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, pola presente **RESOLVO**:

Primeiro: Aprobar a seguinte lista provisional de admitidos e excluídos no procedemento de selección dunha praza de OPERARIO DE LIMPEZA dentro do proceso de estabilización conforme á Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes de redución da temporalidade no emprego público:

Admitidos:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	CELGA
1	Cebreiro Rey	Miguel	***1722**	SI
2	Fernández Vázquez	Ricardo	***6408**	SI
3	Jimenez López	María Encarnación	***4775**	NON
4	Noya Fernández	Jaime	***6404**	SI
5	Paxos Torreiro	María Concepción	***6410**	SI

Excluídos:

Ningún.

Segundo: Outorgar un prazo de **10 días hábiles**, a partir do día seguinte á publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia para que calquera dos interesados que o consideren oportuno proceda a subsanar as deficiencias ou presentar as alegacións que estimen oportunas contra a citada lista provisional de admitidos. No caso de que no citado prazo non se presentasen reclamacións contra a lista provisional, entenderase como definitiva.

Terceiro: Proceder ao nomeamento do seguinte tribunal de selección.

Presidente:

Titular: D^a. Patricia Deber Muíños. (Persoal laboral fixo, operaria de brigada verde e servizos varios do Concello de Vedra). Suplente D^a. Rosa León Álvarez (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Oroso)

Secretario:

Titular: D. Federico Suárez Cancelo (funcionario de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Oroso); suplente D. Dna María Dolores Cores Liste (funcionaria de carreira escala de administración xeral, subescala administrativa do Concello de Oroso)

Vogais:

1º vogal titular: D. Alberto Manteiga Díaz (Persoal laboral fixo, Operario de limpeza do Concello de Abegondo). Suplente: Dna. Ana María Alonso del Río (funcionaria de carreira escala de administración xeral, subescala administrativa do Concello de Oroso)

2º vogal titular: Esperanza Juncal Viqueira (persoal laboral fixo. Operaria de limpeza do Concello de Oroso). Suplente: D. Manuel Suárez Bermúdez (funcionario de carreira de administración especial, subescala técnica da Oficina Municipal de Urbanismo do Concello de Oroso)

3º vogal titular: D. Javier Santos González (funcionario de carreira escala de administración xeral, subescala administrativa do Concello de Oroso), suplente: D. Yolanda María García Fachal, funcionaria de carreira de administración especial, subescala técnica da Oficina Municipal de Urbanismo do Concello de Oroso)

Cuarto: Fixar como data e lugar de constitución do Tribunal de selección e para proceder á valoración dos méritos do concurso:

- Luns 2 de decembro de 2024 ás 09:00 horas na Casa do Concello, na praza de Isaac Díaz Pardo, 1, 15888 Sigüeiro, A Coruña

Quinto: Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia adoptando as medidas necesarias para a protección de datos de carácter persoal conforme á normativa vixente.

Sexto: Este acordo constitúe un acto de trámite polo que pode formular cantas alegacións estime oportunas para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento (artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

Igualmente, se estima que o dito acto decide directa ou indirectamente o asunto de fondo, determina a imposibilidade de continuar o procedemento, produce indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, pode interpoñer, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa notificación, un recurso potestativo de reposición, que terá que fundamentar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións estime oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos.”

O que se publica para xeral coñecemento.

En Oroso, 23 de outubro de 2024

O alcalde.

Alexander Doval Expósito.

2024/7519